



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
QUINCE DE OUTUBRO DE 2020 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día quince de outubro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22/09/2020).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202099900000072 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy-UFD (Expediente 2020/U022/000009)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy-UFD, solicita modificación da licenza concedida con data do 02/04/2020 por cambio de trazado e nos termos da nova documentación técnica achegada asinada por don Pablo López Alonso, en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial e de data 22/06/2020, para conexión á rede de baixa tensión subterránea existente e 5 metros de canalización ata a CPM do solicitante, Expediente nº UD618520020121 en Laraño – Sales (San Xián) (expediente municipal núm.: 2020/U022/000009).

Dáse conta tamén da declaración responsable presentada perante Augas de Galicia para as actuacións pretendidas.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á nova documentación técnica achegada asinada por don Pablo López Alonso e de data 22/06/2020.

3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



da súa afectación e apertura ao uso público; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (RXE deste concello núm.: 216, do 17/02/2020)

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional da diferenza do imposto municipal, que ascende á cantidade de catro con noventa e cinco euros (#4,95#).

2.2.- Instancia núm. 20200000000718 de dona Rosina Acuña Castroviejo. (Expediente núm. 2020/U022/000020)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para obras de construción de peche de parcela con base de bloque de 40 cm de alto, pintado e enfoscado, postes e malla de arame, cunha altura total de 1,80 m (Expediente núm.: 2020/U022/000020), en solo cualificado como “Rústico de especial protección forestal. R-3”, segundo o vixente PXOM, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A505000770000AR.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 11/08/2020 (expdte. 1370/20), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación achegada e axustándose ao contido da autorización emitida por patrimonio.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos dezaoto euros con vinte céntimos (#218,20#)

2.3.- Instancia núm. 202099900000247 de Unión Fenosa Distribución, S.A- Gas NarturgY – UFD (Expediente núm. 2020/U022/000024)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A- Gas NarturgY –UFD, solicita licenza para obras de cambio de condutor dun tramo da liña aérea existente, un paso aéreo-subterráneo (pas) en apoio existente e acometida subterránea ata a CPM do solicitante, sendo a lonxitude total da canalización proxectada de 107 metros, segundo se indica na documentación técnica denominada R.B.T.S. Cimadevila, 26 (Vedra), con SGD: 218319120036. en Cimadevila – San



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Miguel de Sarandón, (Expediente núm.: 2020/U022/000024), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Antonio Javier Sabín Vázquez, en calidade de enxeñeiro industrial.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 20/08/2020 (expdte. 1531/20), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Javier Sabín Vázquez de data 15/07/2020, tendo en conta o disposto na autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na que se conclúe que: "... lembrando que calquera achado arqueolóxico casual que se poida producir deberase comunicar a esta consellería".

3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito á licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público, adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (RXE deste concello núm.: 216, do 17/02/2020)

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de trescentos setenta euros con cincuenta e un céntimos (#370,51#)

2.4.- Instancia núm. 202099900000327 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Narturgy-UFD (Expediente 2020/U022/000030)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Narturgy- UFD , solicita licenza para obras de rede de baixa tensión subterránea con un paso aéreo e unha canalización de 72 metros en Tomonde, para subministro á vivenda SGD 618520060005. En Tomonde - Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm.: 2020/U022/000030), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Rubén Ferverza Nicolás , en calidade de enxeñeiro industrial.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Rubén Ferverza Nicolás e de data 08/09/2020.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º.- Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público, adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (RXE deste concello núm.: 216, do 17/02/2020).

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento sesenta e catro euros con vinte e sete céntimos (#164,27#).

2.5 .- Comunicación previa de obra de dona Laura Patricia Araujo López. (Expediente número 2020/U026/000042)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Laura Patricia Araujo López para instalación de piscina de poliéster, nos termos da documentación técnica achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000504000NH33H0001WX, emprazada en Laraño, 28 – San Xián de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados, instalándose a un mínimo de 3 metros dos lindes.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento noventa euros (#190,00#).

2.6.- Comunicación previa de obra de MT 2001 S.L. (Expediente número 2020/U026/000045)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Emilio Pita, en representación de MT 2001, S.L, para substitución de caixeiro automático en oficina bancaria sita en Galegos – Ribadulla (Santa Cruz), nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 7266711NH4376N0001WQ, emprazada en Galegos nº 33 Baixo - Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de (#50,00#).

2.7.- Comunicación previa de obra de don Gerardo Albela Lema. (Expediente número 2020/U026/000046)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Gerardo Albela Lema para rehabilitación de edificación auxiliar consistente en substituír a tella existente, aproximadamente 92 m² en planta. e construción de peche con base de bloque enfoscado e pintado, de 60 cm de altura, postes e tela de arame, sen superar o 1,80 m de altura total. O peche recuarase 6 m do eixo da vía na súa parte oeste.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002102100NH43F0001RI , emprazada en San Gregorio, 11 – San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados. Debe manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos tres euros con setenta céntimos (#203,70#).

2.8.- Comunicación previa de obra de dona María Cruz Vilas Giadanes. (Expediente número 2020/U026/000047)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María Cruz Vilas Giadanes para pavimentación arredores da vivenda con formigón, de aproximadamente 170 m² de superficie, nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000804700NH43E0001AX , emprazada en Pousada de Abaixo, 12- Vedra, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e un euros con sesenta e oito céntimos (#51,68#).

2.9.- Instancia núm. 202099900000369 de Camino y Germil, Técnicos Asociados, S.L. en representación de Romualdo Rendo Pazos. (Expediente núm. 2020/U022/000031)

Dáse conta da citada instancia na que Camino y Germil, Técnicos Asociados, S.L. en representación de don Romualdo Rendo Pazos, solicita licenza para obras de construción de peche de parcela en Torre de Abaixo, 5 – Ribadulla (Santa Cruz), neste termo municipal, (expediente núm.: 2020/U022/000031), en solo cualificado como “Rústico de especial



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



protección agrícola. R-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Santiago Rodríguez Alcalá, en calidade de arquitecto e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001300300NH43F0001OI.

Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 08/10/2020, para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM, neste caso a Vía da Prata.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Santiago Rodríguez Alcalá de data outubro de 2020.

Así mesmo, a distancia mínima para o cerre será de 6,00 m dende o eixo da vía municipal, por ser unha vía nivel IV en solo rústico. Garantirase o natural discorrer das augas. Respetaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. Axustarase ás condicións da autorización de patrimonio cultural do 08/10/2020.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trinta e catro euros con trinta e cinco céntimos (#234,35#)

2.10.-Comunicación previa de obras. Corrección de erros. (Expediente núm. 2020/U026/000038)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Rendo Caneda do que se tomou coñecemento pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22/09/2020 e que, segundo escrito achegado, padeceu erro no referido aos metros de peche con respecto da vía municipal, sendo este de 25 metros de largo e non 37 como se comunicara inicialmente.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da mencionada comunicación e de que os metros de peche con respecto da vía é de 25 metros.

2.11.- Instancia de dona María Carmen Peiteado Morogosa. (Expdte. número 2020/U018/000010)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova (Vedra) solicita licenza para parcelamento de finca, con referencia catastral 15090B504001250000TT, emprazada en Outeiro – San Pedro de Vilanova, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Fco. Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 13/08/2020.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de expansión dos núcleos rurais. N-2 e Solo de especial protección agrícola. R-2”.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Outeiro- San Pedro de Vilanova, nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos de 134 m², e que, previo aos trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens; debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.12.- Instancia núm. 202099900000092 de don José Angel Albela Albela. (Expediente número 2020/U007/000002)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón - Vedra, expón que a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Sarandón – Sarandón (San Miguel), (licenza número 2018/U022/000028 acordo de data 15/11/2018 e expediente de modificación 2020/U022/000010 de data 19/05/2020), nos termos do proxecto achegado e asinado por don José Manuel Diego Durán en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (Expdte.: 2020/U007/000002) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de cento vinte euros (#120,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.13.- Instancia núm. 202000000000522 de don José Fachal Fraguela. (Expediente número 2020/U007/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, expón que con data do 16/05/2018 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en O Burgo – Vedra (Santa Baia), (licenza número 2017/U022/000032), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Adrián Martín Prieto e dona Elena Sarmiento Díez en calidade de arquitectos, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (Expdte.: 2020/U007/000005) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de cento vinte euros (#120,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



2.14.- Instancia núm. 202099900000360 de don Alejandro Carrillo Torres. (Expediente número 2020/U007/000008)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que con data do 19/12/2019 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para reforma de vivenda individual Galgos 19, 1º andar – Ribadulla (Santa Cruz), (licenza municipal número 2019/U022/000032), nos termos do proxecto achegado e asinado por Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (expdte. 2020/U007/000008) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

3º.- Certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 4 de *Saneamento en Romarís (POS +2019)*.

Dáse conta da certificación núm. 4 da obra de Saneamento en Romarís, incluída no POS +2019 (Código 19.2000.0259.0), e máis da factura núm. EO20 254 da empresa adxudicataria da obra, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de vinte e dous mil catrocentos euros con dez céntimos (#22.400,10#)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

4º.- Facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2020/13 (expediente electrónico núm. 2020/X999/000075), que ascende a un importe total de 136.040,15 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.

Vista a citada relación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar todas as facturas contidas na mesma, coa ausencia da Presidencia na votación sobre a factura de Droguería Ferretería El Sol, S.L.

5º.- Aprobación gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 13 de outubro de aprobación de gastos de asistencias a mesas de contratación, curso de formación, fondo social e quilometraxe de traballadores municipais, por importe de 3.116,45 euros.


6º.- Aprobación das indemnizacións por asistencias aos membros da Corporación do 3º trimestre de 2020.

Vista a relación de asistencias dos membros da corporación aos plenos, xuntas de goberno, comisións informativas e xuntas de voceiros celebradas do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2020 e vistas as liquidacións practicadas por asistencias a mesas de contratacións e xornadas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



conforme aos importes establecidos nas bases de execución do orzamento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Recoñecer a obriga das seguintes liquidacións dos/as concelleiros/as da Corporación correspondentes ao 3º trimestre de 2020:

	PLENOS	X.G.L	C. INFOR. E AVALIAD.	MESAS	XUNTIVO C.	SUBS. ALCAL.	XORNADAS	TOTAL
PREZOS	150,00	80,00	50,00	37,40 ou 28,21	50,00	80,00	55,00	
Manuel Costa Carneiro	450,00 €	160,00 €	50,00 €	299,20 €	50,00 €	720,00 €	0,00 €	1.729,20 €
Mª Susana García Lema	450,00 €	0,00 €	50,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	500,00 €
Diana Varela Barreiro	300,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	550,00 €	850,00 €
Juan Manuel Cernadas Méndez	450,00 €	240,00 €	50,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	96,25 €	836,25 €
José Caldelas González	450,00 €	0,00 €	100,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	550,00 €
Carlos García Cutrín	450,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	450,00 €
Beatriz Amenal Junquera	450,00 €	0,00 €	50,00 €	197,47 €	50,00 €	0,00 €	0,00 €	747,47 €
Raquel Sangiao Durán	450,00 €	0,00 €	150,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	600,00 €
José Antonio Pose Rodríguez	450,00 €	0,00 €	50,00 €	0,00 €	50,00 €	0,00 €	0,00 €	550,00 €
Yolanda Vieiro Cebeiro	450,00 €	0,00 €	150,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	600,00 €
Enrique Vázquez Martínez	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Carlos Martínez Carrillo	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	326,98 €
	4.350,00	400,00	650,00	496,67	150,00	720,00	646,25	7.739,90 €

Segundo: Ordenar o pagamento das cantidades líquidas aos/ás concelleiros/as facendo os ingresos nas contas postas a disposición polos/as interesados/as.

7º.- Aprobación das asignacións aos grupos políticos municipais do 3º trimestre de 2020

Visto o disposto na base 33 das bases de execución do orzamento municipal, na que se establece unha asignación económica por importe de 30,00 € mensuais por cada concelleiro/a que forme parte dos grupos políticos nos que se constitúe a corporación municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as seguintes asignacións económicas aos grupos políticos da corporación correspondentes ao 3º trimestre de 2020


Grupo municipal do BNG de Vedra	180 €
Partido socialista de Galicia- PSOE Grupo Municipal de Vedra	270 €
Grupo municipal de Vedra- Partido Popular	720 €

Segundo.- Ordenar o seu pagamento.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención e á tesouraría municipal.

8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.


Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de setembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
448	01/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
449	01/09/2020	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda nº 21 de Cibrán – San Xián de Sales
450	01/09/2020	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda nº 19 de Cibrán- San Xián de Sales
451	01/09/2020	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda nº 9 de Castro –Ponte Ulla
452	01/09/2020	Expediente lei de incendios
453	02/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
454	03/09/2020	Autorizando redución xornada de traballo de traballadora municipal por garda legal do seu fillo, conforme ao convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Vedra
455	03/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
456	07/09/2020	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda nº 66 de Nande –San Fins de Sales
457	07/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
458	07/09/2020	Apertura novo prazo de solicitudes para participar no Programa Conxuga, modalidade de ludoteca polas tardes e servizo de madrugadores
459	07/09/2020	Adxudicación redacción proxecto de execución de colectores en núcleos de Vedra (2ª fase) a don César del Rio Tapias (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000040)
460	07/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
461	07/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
462	07/09/2020	Expediente de modificación de créditos 15/2020 (xeración)
463	07/09/2020	Expediente de modificación de créditos 16/2020 (transferencias)
464	09/09/2020	Aceptación proposta de adxudicación da Mesa de Contratación do contrato de Prestación do servizo da Escola Infantil Municipal de Vedra a favor do licitador mellor clasificado, Aurora, Pilar y Ana, S.L (expdte. 2020/C004/000001)
465	09/09/2020	Aceptación proposta de adxudicación da Mesa de Contratación do contrato de Colectores Xerais e EDAR de Vedra (POS +2019) a favor do licitador mellor clasificado, Espina y Delfín, S.L (expdte. 2020/C003/000002)
466	10/09/2020	Devolución ingresos do servizo de madrugadores correspondentes á parte proporcional do mes de marzo (COVID-19)
467	10/10/2020	Devolución ingresos do servizo de madrugadores correspondentes á parte proporcional do mes de marzo (COVID-19)
468	10/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
469	10/09/2020	Expediente de modificación de créditos 17/2020 (xeración)
470	11/09/2020	Aprobación facturas para xustificar subvencións do Pacto de Estado e Programa de Socorrismo
471	11/09/2020	Expediente de modificación de créditos 18/2020 (xeración)
472	11/09/2020	Cambio de titularidade recibo taxa de recollida de lixo vivenda nº 8 de Pumariño-Ponte Ulla
473	11/09/2020	Cambio de titularidade recibo taxa recollida de lixo da vivenda nº 2 de Caldelas –Ponte Ulla e nº 7 de Pumariño –Ponte Ulla
474	11/09/2020	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda nº 20 de Cibrán – San Xián de Sales



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



475	11/09/2020	Cambio de titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 4 de Pumariño –Ponte Ulla
476	14/09/2020	Baixa na Escola Infantil Municipal de APR
477	14/09/2020	Baixa na Escola Infantil Municipal de RCM
478	14/09/2020	Aprobación da autoliquidación do 2º cuadrimestre do 2020 do canon da auga e tramitación ante Augas de Galicia
479	16/09/2020	Pago axuda de emerxencia social
480	16/09/2020	Ampliación intensidade SAF, modalidade extraordinaria COVID-19 a ATS
481	16/09/2020	Redución intensidade SAF, modalidade extraordinaria COVID-19 a GCL
482	16/09/2020	Baixa no SAF, modalidade extraordinaria COVID-19 de HFF
483	16/09/2020	Baixa na Escola Infantil Municipal de ALP
484	16/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
485	16/09/2020	Cambio de xornada na Escola Infantil Municipal de TFM
486	16/09/2020	Cambio de xornada na Escola Infantil Municipal de MFL
487	16/09/2020	Alta na Escola Infantil Municipal de XPB
488	16/09/2020	Autorización uso Pavillón Municipal ao Club Olímpico de Vedra
489	16/09/2020	Autorizando uso pista polideportiva do Pavillón Municipal os venres de 21:00 -23:00 horas a Basket Ribadulla
490	16/09/2020	Autorizando uso Pavillón Municipal á A.D. Escola Judo Club
491	17/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
492	17/09/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
493	17/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
494	17/09/2020	Deixando sen efecto a suspensión do servizo da EIM dende o 1 de setembro
495	18/09/2020	Autorizando remate relación laboral con Consuelo Castro por xubilación na súa modalidade contributiva dende o 30/09/2020
496	18/09/2020	Autorizando remate relación laboral con María Segade por xubilación na súa modalidade contributiva dende o 30/09/2020
497	18/09/2020	Baixa no comedor da Escola Infantil Municipal de APM
498	18/09/2020	Baixa no SAF, modalidade COVID-19 e cambio a Libre concorrencia de JVR/LCN/FGR
499	18/09/2020	Alta no servizo de axuda no fogar , modalidade libre concorrencia de ACM
500	18/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
501	18/09/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
502	23/09/2020	Baixa no SAF, modalidade Libre concorrencia por alta en dependencia de LCM
503	22/09/2020	Expediente reposición da legalidade por obras de peche en Sete – Santa Cruz de Ribadulla
504	22/09/2020	Alta no servizo de comedor da Escola Infantil municipal de LS
505	22/09/2020	Aprobación novos pregos técnicos e orzamento de solicitude de subvención reforzo, adecuación, adaptación ou reforma das instalacións da rede de distribución eléctrica existente para incorporar ás novas instalacións do Polígono Industrial de Vedra
506	23/09/2020	Adxudicación elaboración do PACES do Concello de Vedra , financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional con cargo ao programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020 a Eficiencia Enerxética de Galicia, SLU (Expdte. 2020/C002/000041)
507	23/09/2020	Adxudicación de contrato de prestación do servizo da EIM a Aurora, Pilar y Ana, S.L (Expdte. 2020/C004/000001), en virtude de delegación plenaria do 25/06/2020
508	23/09/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
509	23/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
510	23/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



511	23/09/2020	Aprobación bases para a contratación dun oficial de segunda tractorista (6 meses a xornada completa), para reforzo e atención das tarefas de limpeza e conservación dos camiños e vías de titularidade municipal
512	23/09/2020	Aprobación listaxe provisional de admitidos/as, excluídos/as, e listaxe de agarda da 2ª convocatoria Programa Conxuga 2020-2021
513	23/09/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
514	23/09/2020	Incoando expediente de reposición da legalidade por obras de construción de soto e soportal en vivenda en Vilar – San Pedro de Vilanova
515	24/09/2020	Expediente lei de incendios
516	24/09/2020	Aprobación nóminas correspondentes ao mes de setembro de 2020
517	25/09/2020	Alta no servizo de axuda no fogar pola modalidade de libre concorrencia de APL
518	25/09/2020	Expediente de limpeza de finca en Reboredo –Ponte Ulla
519	25/09/2020	Alta no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda nº 6 de A Gándara –San Fins de Sales
520	25/09/2020	Concesión anticipo reintegrable á traballadora municipal
521	25/09/2020	Exención prezo por asistencia e comedor na Escola Infantil Municipal de ACT
522	25/09/2020	Expediente vertedoiro incontrolado en Piñeiro –Illobre
523	28/09/2020	Cambio de xornada na Escola Infantil Municipal de CGR
524	28/09/2020	Baixa na Escola Infantil Municipal de UAFU
525	28/09/2020	Aprobación conta xustificativa anualidade 2020 e pagamento achega segundo convenio co Club de Montaña Vértice
526	28/09/2020	Ordenando execución subsidiaria traballos de xestión de biomasa para prevención e defensa contra os incendios forestais en parcela particular
527	28/09/2020	Aprobación listaxe definitiva admitidos/as, excluídos/as e lista de agarda da 2ª convocatoria do Programa Conxuga curso 2020-2021
528	28/09/2020	Inicio expediente de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes
529	28/09/2020	Inicio expediente de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes
